

NORMAS BARBEIRA SEASON FEST 2020

ACCESO

A actividade no festival comezará a partir das 14:00h e cesará ás 22:00h.

Os asentos están asignados e as cadeiras están numeradas e distribuídas por grupos de menos de 10 persoas e separadas de outros grupos por 1'5m de distancia mínimo. Non se poden mover e non se pode cambiar de cadeira.

ENTRADAS

Como selecciono o meu asento?

Toda persoa debe acceder ao recinto coa selección de asento feita. Para iso podes entrar na nosa páxina web www.seasonfest.es e escoller a zona que máis que che guste.

Debido as últimas medidas de seguridade sufridas polo covid-19, ninguén pode acceder o recinto sin ter antes reserva da súa cadeira.

Como levo a miña entrada?

Podes, ou ben presentar a túa entrada no móbil (sempre e cando non teñas a pantalla rota ou sexa difícil de ler), ou ben traela impresa. Para un bo funcionamento de todo o proceso, non esquezas o teu DNI ou pasaporte.

Ao presentar a túa entrada, unha persoa da orzación poñerache a túa pulseria. Recorda, son intransferibles. Non se dan en man e tampouco se poden recoller por outra persoa. Eso sí, poderás entrar e saír do recinto tantas veces como ti queiras.

Ademáis, as pulserias son cashless, polo que podres pre-cargar saldo e olvidarte de sacar cartos, perder a tarxeta de crédito ou contar ata o derradeiro céntimo do moedeiro.. Achégate a calquera dos postos do festival para recargala. E tranquilo! Cando remate o festival poderás reclamar de volta o saldo restante dende a páxina web. Séguenos nas redes e non te perdas ningún dos nosos avisos.

É obrigatorio levar posta a pulseria durante todo o festival, ademáis de ensinala para entrar ao recinto a todo membro de seguridade ou organización que cho pida. Non a quites baixo ningún concepto, porque non podemos repoñelas!

Que é iso do cashless?

É o sistema de pago do festival. A vosa pulseria do festival Barbeira Season Fest é un moedeiro portátil polo que poderedes pagar con ela en calquer punto do festival.

Antes do festival, a recarga previa está activa na nosa web www.seasonfest.es

Durante o festival, atoparás unha zona ubicada e recoñecida como cashless onde poderás cargar as veces que necesites a túa pulseira.



Despois do festival, se segues tendo saldo na túa pulseira, podes pedir a devolución online dos teus cartos no prazo dunha semana dende o luns seguinte ao festival. Segue as nosas redes para ver cando se activa a opción.

Teño entrada pero non reservei asento

Ter a entrada ao festival non che concede acceso ata que tamén teñas a túa reserva de asento feita. Bótalle un ollo a nosa web, e descubre o xeito máis cómodo para ti e os teus de facer toda reserva.

Cando e onde podo recoller a miña pulseira?

Á entrada do festival atoparás a zona de pulseración. As nosas portas abren ás 14:00h.

Que sucede se teño unha invitación ou acreditación?

Na zona de taquilla, existe unha zona para aquelas persoas que teñan unha acreditación ou invitación. É imprescindible levar impreso ou no móbil toda a documentación.

Son menor de idade, podo ir ao festival?

Todos sodes ben recibidos! Iso sí, recorda que contamos cunha política de menores. Debes cubrir un permiso que atoparás na nosa web ou nas portas do festival na zona de taquilla, e se es menor de 12 anos terás que ir acompañado sempre por un adulto que se responsabilice de ti. Se tes entre 16 e 18 anos, poderás acudir ao noso festival sen un adulto sempre e ando sexa entregada unha autorización firmada polo teu pai, nai ou tutor legal. Todos os documentos xa se atopan na nosa web, e se non, sempre podes firmar as túas autorizacións en taquilla.

RECINTO

Podo entrar con comida e/ou bebida no recinto?

Non está permitido o acceso ao recinto con comida ou bebida do exterior, agás auga embotellada sen tapón. Dentro do recinto poderás atopar diferentes postos de comida e bebida.

Importante: por cuestións de seguridade, a organización ten que rexistrar as mochilas e non se permitirá o acceso ao recinto con envases de cristal ou latas. Tampoco están permitidos garfos, coitelos ou navallas de metal.

Que está prohibido incluír no recinto?

- Obxectos cortantes e puntantes.
- Armas de calquer tipo.
- Cinturóns de balas, cornos ou accesorios de pinchos.
- Cadeas grandes, candados e outros accesorios que poidan utilizarse como arma.
- Disfraces de flamingo de cor distinto ao rosa.
- Bengalas, petardos e outros elementos de artificio.
- Botellas de vidro, petacas ou camelbaks.
- Sustancia ilegais.
- Comida para gatos pardos.

- Sillas, colchonetas, mesas ou hamacas.
- A foto do teu ex.
- Bicicletas, skates ou similares.
- Punteiros láser.
- Animais, agás cans guías.

Existe una zona de obxectos perdidos?

Por suposto, pero non perdas a cabeza! Atoparnos na zona de organización. Recorda gardar en bo lugar os teus obxectos de valor e documentación que poidas necesitar durante o festival. E se atopas algo, por favor, achégao á nosa zona. Para calquer consulta tamén podes escribirnos despois do festival ao correco hola@seasonfest.es co asunto: OBXECTO PERDIDO.

Que debo facer se detecto un roubo ou calquer outro altercado?

Por favor, diríxete ao noso personal de seguridade dentro do recinto. Atoparalos debidamente uniformados cun distintivo especial.

E se son eu o que quero poñer unha queixa?

Primeiro diríxete ás nosas oficinas, estaremos encantados de escoitarte e axudarche en todo o qu epoidamos. E se aínda así non atopamos solución, poderás solicitar unha folla de reclamacións.

Onde podo ver os planos do recinto para ubicarme?

O noso mapa oficial está en todas as nosas redes sociais e páxinas web. Pero ademáis, atoparás no recinto diferentes puntos para que poidas ubicarte en todo momento.

OBRIGAS E RECOMENDACIÓNS XERAIS

As cadeiras están numeradas e distribuídas por grupos de menos de 10 persoas e separadas de outros grupos por 1'5m de distancia mínimo. Non se poden mover e non se pode cambiar de cadeira.

Debes permanecer de pé o tempo imprescindible.

Para acceder ao recinto, toda persoa pasará por un filtro covid-19, no que se comprobará o uso de máscara homologada e hixiene das mans.

O uso de máscara é obrigatorio en todo momento.

Está prohibido fumar no recinto.

Rogamos que se respenten os sentidos de circulación polo recinto, así como a distancia de seguridade en todo momento.

A programación e os aforos poden verse modificados por medidas anticovid-19 decretadas polas autoridades sanitarias competentes.

A organización pode impedir a entrada ou permanencia no recinto a toda persoa contagiada ou con síntomas compatibles co covid-19 e estará obrigada a activar os protocolos que correspondan para alertar ás autoridades sanitarias. Neste sentido, a persoa que está nestas circunstancias debe someterse ás intrucións da organización ata que a autoridade pública competente adopte as medidas necesarias.

O cumprimento destas normas é aplicable dende que a persoa accede aos puntos de control, ata que abandone o recinto. O incumprimento grave das normas pode levar á expulsión do recinto desta persoa infractora, con perda do dereito á devolución do prezo da entrada.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos facilitados na plataforma de compra de entradas serán gardados para a xestión do evento, e gardados durante un máximo dun mes, para garantir a trazabilidade sanitaria.

NON TE ESQUEZAS DE:

- A túa documentación, levaa sempre contigo.
- Trae roupa e calzado cómodo.
- A chaquetiña, por se refresca.
- Tapóns para os oídos, sobre todo se tes algún tipo de problema auditivo ou para os máis peques da casa.
- O chubasqueiro, que nunca se sabe con nós.

Se tes calquer outra consulta, non o dubides! O noso personal estará encantado de axudarche e redirixirte ao mellor departamento. **Neste festival, o primeiro eres ti: divértete!**

Grazas pola túa colaboración!